



MEMORIA XUSTIFICATIVA

ASUNTO: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS SUPERESTRUTURAS DE ELEVACIÓN DOS VEHÍCULOS AUTOESCALEIRA DOS PARQUES DE BUEU E RIBADUMIA

EXPEDIENTE: 171/2024

Memoria que se formula en cumprimento do artigo 28 e 116.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014 e o artigo 16.2.f) dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (en diante SPEIS Pontevedra), aprobados polo Decreto 36/2011, de 17 de febreiro, polo que se aproban os Estatutos.

1. ANTECEDENTES.

Segundo se establece no artigo 5º.2 dos Estatutos, aprobados polo Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, constitúe o obxecto do Consorcio Provincial a execución das competencias de servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento, prestado polos parques de Bueu, O Porriño, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa.

Dito servizo estase a prestar por xestión directa polo que como titular do servizo, correspóndelle ao Consorcio a responsabilidade de manter e realizar as revisións necesarias para unha correcta prestación do servizo e reposición/reparación do que resulte necesario.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA ACTUACIÓN.

A seguridade e a saúde dos cidadáns require que os servizos de extinción dispoñan de vehículos, materiais e medios suficientes para realizar o salvamento en múltiples e variados escenarios.

Cando se trata de salvamentos a grandes alturas, requírese o uso de vehículos autoescaleira que faciliten esas tarefas.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento conta con dous vehículos autoescaleiras Metz DLK-30 FN, adscritos aos parques de bombeiros de Bueu e Ribadumia, matrículas 9238BYX e 7289CVX respectivamente, suxeitas a revisión anual prescrita polos fabricantes nos manuais de uso e funcionamento.

Pola súa parte o Real Decreto 1215/1997, do 18 do xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización de equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, do 12 de novembro (*BOE nº 274 de 13 de novembro*) ven a impoñer a obrigatoriedade





destas revisión no artigo 4.2 ao sinalar que *"El empresario adoptará las medidas necesarias para que aquellos equipos de trabajo sometidos a influencias susceptibles de ocasionar deterioros que puedan generar situaciones peligrosas estén sujetos a comprobaciones y, en su caso, pruebas de carácter periódico, con objeto de asegurar el cumplimiento de las disposiciones de seguridad y salud y de remediar a tiempo dichos deterioros."*

Polo que seguindo o manual de instrucións do fabricante e o sinalado no Real Decreto 1215/1997, do 18 do xullo, procédese á licitación desta revisión.

3. NECESIDADE A SATISFACER:

A necesidade satisfacer consiste no mantemento preventivo e correctivo, de ser o caso, superestructuras de elevación dos vehículos autoescaleiras Metz DLK-30, adscritos aos parques de bombeiros de Bueu e Ribadumia, coa finalidade de acadar a óptima funcionalidade do devandito equipamento, tanto desde un punto de vista da seguridade coma da prestación do servizo, e dar cumprimento ao esixido no Real Decreto 1215/1997, do 18 do xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización de equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, do 12 de novembro e as prescricións de mantemento establecidas polos fabricantes.

4. INSUFICIENCIA DE MEDIOS (Artigo 116.4 f) da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE).

As prestacións que comporta este contrato deben ser realizadas por empresa cualificada; non dispoñendo o Consorcio nin de equipos, nin de repostos, nin de profesionais para levalas a cabo, polo que se fai preciso acudir a medios externos por algún dos procedementos dos definidos na lexislación vixente de contratación pública.

5. CONTRATO PROPOSTO.

Expostas as necesidades a satisfacer e dada a carencia de medios propios para levalas a cabo, propónse a licitación do seguinte contrato:

5.1. OBXECTO DO CONTRATO.

Contratación do servizo de mantemento preventivo anual e do mantemento correctivo, de ser o caso, da superestructuras de elevación dos vehículos autoescaleiras Metz DLK-30 FN, adscritos aos parques de





bombeiros de Bueu e Ribadumia, matrículas 9238BYX e 7289CVX respectivamente.

CÓDIGO CPV:

CPV: 34100000-8 vehículos a motor

CPV: 50110000-9 Servicios de reparación y mantenimiento de vehículos de motor y equipo asociado

5.2. DURACIÓN DO CONTRATO.

As prestación obxecto do presente contrato abanguerá 3 anualidades (2024, 2025 e 2026)

5.3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O valor estimado de licitación entenderase como a aproximación do valor de mercado, tendo en conta os custos directos (materia prima, man de obra outros consumos) e os custos indirectos (persoal, transporte...), sen incluír o IVE, consonte ao disposto no artigo 101 da LCSP:

| MANTEMENTO PREVENTIVO | CUSTES INDIRECTOS | CUSTES DIRECTOS | TOTAL |
|---|--------------------------|------------------------|------------------|
| Mantemento preventivo 2024 | 2.000 | 5.500 | 7.500,00 € |
| Mantemento preventivo 2025 | 2.000 | 5.500 | 7.500,00 € |
| Mantemento preventivo 2026 | 2.000 | 5.500 | 7.500,00 € |
| | | | 22.500,00€ |
| MANTEMENTO CORRECTIVO ESTIMADO | CUSTES INDIRECTOS | CUSTES DIRECTOS | TOTAL |
| Mantemento correctivo 2024 | 2.000 | 5.000 | 7.000 € |
| Mantemento correctivo 2025 | 2.000 | 5.000 | 7.000€ |
| Mantemento correctivo 2026 | 2.000 | 5.000 | 7.000 € |
| | | | 21.000,00 |
| TOTAL VALOR ESTIMADO DO CONTRATO | | | 43.500,00 |

5.4 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación entenderase como o prezo máximo que o órgano de contratación pode comprometer, incluíndo o IVE, consonte ao disposto no artigo 100 da LCSP, desagregado do seguinte xeito:





| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN MANTEMENTO PREVENTIVO | | | | |
|--|-------|-------|-------|-------------|
| | 2024 | 2025 | 2026 | TOTAL |
| VALOR ESTIMADO | 7.500 | 7.500 | 7.500 | 22.500,00 € |
| IVE 21% | 1.575 | 1.575 | 1.575 | 4.725,00€ |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN | 9.075 | 9.075 | 9.075 | 27.225,00 |

| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN MANTEMENTO CORRECTIVO ESTIMATIVO | | | | |
|---|----------|----------|----------|-------------|
| | 2024 | 2025 | 2026 | TOTAL |
| VALOR ESTIMADO | 7.000 | 7.000 | 7.000 | 21.00,00 € |
| IVE 21% | 1.470 | 1.470 | 1.470 | 4.410,00€ |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN | 8.470,00 | 8.470,00 | 8.470,00 | 25.410,00 € |

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO POR ANUALIDADES

| | Orzamento base de licitación sen IVE | IVE | Orzamento base de licitación IVE incluído (€) |
|--|--------------------------------------|-----------------|---|
| 2024 | 14.500,00 | 3.045,00 | 17.545,00 € |
| 2025 | 14.500,00 | 3.045,00 | 17.545,00 € |
| 2026 | 14.500,00 | 3.045,00 | 17.545,00 € |
| ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO | 43.500,00 | 9.135,00 | 52.635,00 |

O orzamento base de licitación correspondente ao mantemento correctivo ten carácter estimativo en base ao gasto medio derivado do mantemento correctivo de exercicios anteriores e non crea dereitos á empresa adxudataria por canto a prestación do mantemento correctivo quedará determinada polas as necesidades reais derivadas das anomalías detectadas no curso do mantemento preventivo ou no curso da duración deste contrato; polo que o prezo do contrato que afecte a este factor quedará determinado as necesidades reais derivadas do sinalado e do que resulte do descontos ofertados.





6. XUSTIFICACIÓN DA DIVISIÓN EN LOTES DO OBXECTO DO CONTRATO:

Dada a coincidencia das prestacións obxecto do contrato considerase necesario coordinar a execución para a correcta execución do obxecto desde un punto de vista técnico como económico; polo que non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, xa que a la realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico e resultaría antieconómico, duplicándose unidades de custo como desprazamentos e aloxamentos.

Por tanto, encádrase dentro do segundo motivo válido que indica a Lei no artigo 99.3.b) a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato.

7. NATUREZA E CLASE DO CONTRATO.

O contrato proposto é mixto (de servizos e subministracións), de acordo co previsto no artigo 18 en concordancia co artigo 34.2 da LCSP, por cando esas prestacións se encontran directamente vinculadas entre sí e manteñan relacións de complementariedade que esixen a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida a satisfacer a necesidade que constitue o obxecto do contrato e terá natureza administrativa, segundo ao disposto no artigo 25 da LCSP.

8. PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN:

Considerase como procedemento axeitado o procedemento regulado no artigo 159,6 da lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público: contrato aberto supersimplificado, xa que o valor estimado é inferior aos limiares marcados por Lei e non se contemplan criterios subxectivos de adxudicación.

Roberto Jorge Correa

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

